

PROXECTO DE PREVENCIÓN
DROGODEPENDENCIAS E
CONDUTAS ADICTIVAS
2014-2015

PLAN
COMUNITARIO
DE TEIS



INTRODUCCIÓN

Este proxecto de Prevención axustase á Carteira de Servizos de Prevención de Drogodependencias e Condutas adictivas da Xunta de Galicia:

O no proxecto ten **7 Programas. 5 de carácter básico:**

No **ámbito escolar**, o programa de prevención universal, **Saúde na Escola/ PPCDE:** “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiro socioeducativo nas aulas a través da natureza”; O programa de prevención selectiva, **Non pasa nada. ¿Pasa algo?** ;

No **ámbito Familiar** o programa de prevención universal, **Máis que un teito:** “Escola de Nais e Pais”, o programa de prevención selectiva **En familia, todos contan:** “asesoramento e orientación socioeducativa á familia”

No **ámbito xuvenil** e de ocio, o programa de prevención universal **Activa:** “Actívate xogando”;

E **dous, de carácter libre no ámbito comunitario:** os programas de prevención universal **Información- sensibilización** (“coordinación Xeral” e “Comité Técnico asesor de barrio”) e **Formación de mediadores sociais** (“comité interanpas” e “formación monitores/as de tempo libre e animadores/as socioculturais”).

Principios metodolóxicos xerais do proxecto

Como é propio dos plans comunitarios, o Plan Comunitario de Teis actúa baixo o marco conceptual do **modelo comunitario** de intervención e como complemento e soporte deste modelo comunitario, nos diferentes programas utilízanse **ademáis** os **modelos teóricos** que se consideran mais apropiados según os seus obxectivos.

1. SAÚDE NA ESCOLA

A información, entendemento e comprensión dos hábitos de vida saudable como medio de prevención global, establécese como ferramenta preventiva de potenciais situación de risco cando inclúe o ámbito escolar, partindo e asentándose na comunidade educativa aberta aos recursos existentes no barrio.

No barrio de Teis, ámbito de actuación do Plan Comunitario de Teis, existen 6 Centros de Educación infantil e Primaria públicos e 4 Institutos - ademais de 3 centros escolares privados-concertados e 2 en cooperativa- de ESO e Bacharelato polo que a intervención dentro das aulas convirtese nun instrumento de indubidable valor preventivo por canto supón de poboación potencialmente beneficiaria en idades comprendidas entre os 5 e os 18 anos de idade. Só en centros públicos, cóntase cun total de 5.785 alumnos/as, a máis dos 3.175 do alumnado dos centros privados.

Trátase de darlle continuidade ao traballo realizado en anos anteriores, establecendo como factor de protección a

prevención de drogas na escola e a participación e coordinación da unidade de prevención cos/as profesionais

pertencentes ao sistema educativo, potenciando a apretura do mesmo a outros colectivos susceptibles de implicarse en actividades preventivas e poder transmitir dunha maneira creativa valores protectores fronte ao consumo e as posibles condutas adictivas.

OBXECTIVOS:

- ✓ Promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación escolar
- ✓ Influír sobre as crenzas e actitudes dos escolares sobre as drogas.
- ✓ Fomentar a participación dos destinatarios en actividades preventivas.
- ✓ Potenciar factores de protección (Coidado do corpo e da saúde, Colaborar cos demais Participar en actividades sociais, coñecer mensaxes preventivas de drogas, Integración no barrio...)
- ✓ Reducir factores de risco (Sensación de non poder superar as dificultades, Sentimento de perda de confianza en si mesmo, dependencia do grupo, facilidade de obter drogas, insatisfacción no ocio, percepción social negativa).
- ✓ Fomentar valores de respecto e autocoidado
- ✓ Motivar para o exercicio físico e o contacto coa natureza como alternativa de ocio saudable.

ACTIVIDADES:

*OBRADOIROS DE EDUCACIÓN EN SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE
OBRADOIROS SOCIOEDUCATIVOS NAS AULAS A TRAVÉS DA NATUREZA*

AVALIACIÓN

Cuantitativa

- Centros escolares implicados: 4
- colectivos implicados: 2
 - Comunidade de Montes de Teis
 - Voces polo Litoral de Teis
- Profesionais implicadas/os: 27
 - 3 equipo de prevención (1 traballadora social e 2 educadoras sociais)
 - 4 alumnos/as en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
 - 1 matrona
 - 3 xefes/as de estudos



- 4 orientadores/as escolares
- 11 titores/as
- 1 pedagogo
- Ppersoal colaborador: 10
- Alumnado implicado: 248 alumnas/os
- **Total poboación implicada e participante: 307**

Cualitativa

- Grao de participación dos centros. SATISFACTORIO
- Grao de satisfacción dos profesionais implicados. ALTO
- Grao de satisfacción da poboación participante. SATISFACTORIO

ANÁLISE DE RESULTADOS

OBRADOIROS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: ROU/ A GUIA: 2º ESO

En canto a conceptos e ás cuestións afectivo-sexuais:

O concepto de sexualidade está máis claro que antes da realización do obradoiro, aínda así seguen a existir dúbidas sobre o mesmo, xa que algúns/has seguen relacionando o concepto exclusivamente có feito de manter relacións sexuais.

No tocante á diferenza entre sexo e xénero, un pouco máis do dobre entendérona trala realización do obradoiro. Uns/has poucos/as seguen sen ver a diferenza ou si a ben é porque por sexo entenden a relación sexual.

Con respecto á diversidade sexual, entendeu o concepto case o dobre do alumnado que na avaliación inicial... aínda así, ningún/ha contemplou a transexualidade. Algúns/has seguen sen ter claro o que significa realmente.

No tocante a idea de que para considerar que hai unha relación sexual, ten que haber penetración, a maioría do alumnado entendeu que non, a diferenza da avaliación inicial, onde había escasa diferenza entre os que pensaban que si e os que pensaban que non.

En canto a protección e prevención:

Neste caso, bastantes non explicaron a diferenza entre os métodos de protección e os anticonceptivos... mais a metade do total si que explicou a diferenza e ademais de maneira correcta.

Tamén indicar que aumentou a diversidade de métodos anticonceptivos que coñecen trala realización do obradoiro, ademais que diminuíu o número de alumnas/os que contemplan a pílula do día despois como método anticonceptivo.

En relación ás ETS:

Tamén se incrementou a diversidade de ETS que coñecen, así como tamén as respectivas consecuencias na saúde.

En relación aos efectos das drogas sobre a actividade sexual:

Proporcionalmente aumentou o número de rapazas/es que entenden que as drogas non teñen efectos positivos sobre a actividade sexual con respecto aos que pensan que si, trala realización do obradoiro. Mais se incrementou o número de persoas que non responderon a esta cuestión.

Con respecto ás dúbidas:

Case a totalidade di non ter ningunha dúbida e un/ha indica que segue sen saber o que é a diversidade sexual.



No tocante á satisfacción do alumnado coa realización do obradoiro:

Podemos dicir que se cubriron as súas expectativas pero para vindeiros obradoiros é importante ter en conta que as explicacións se lles fixeron un pouco pesadas e aburridas polo que habería que darlle un carácter aínda máis dinámico e incluír algunha actividade con medios audiovisuais.

Demandan que se repartan preservativos.

ROU /IES TEIS: 3º ESO:

En canto a conceptos e ás cuestións afectivo-sexuais:

Á maioría non sabe exactamente como explicar o que é a sexualidade pero si todas/os inclúen os conceptos traballados, na definición de sexualidade.

No tocante a sexo e xénero foron unha minoría as persoas que explicaron a diferenza de maneira correcta. Houbo moitas que non responderon ou que si responderon que non son o mesmo pero non o xustificaron.

Tamén con respecto á diversidade sexual, foron bastantes as/os que se abstiveron de contestar, aínda que uns/has poucos/as menos que no cuestionario inicial. Pero podemos dicir que aínda que non a definan de forma totalmente correcta, a maioría entenden o concepto; tal como aconteceu có alumnado de 2º da ESO, tampouco incluíron a transexualidade dentro da diversidade sexual.

En relación a idea de se para afirmar que hai unha relación sexual, ten que haber penetración, as respostas recollidas nas avaliacións finais son moi satisfactorias xa que se incrementou bastante o número de persoas que entenden que non ten que haber penetración.

En canto a protección e prevención:

Neste caso, á maioría quedoulle clara a diferenza entre os métodos de protección e os anticonceptivos, tal e como podemos ver cunha case totalidade de respostas correctas.

En relación aos métodos de protección e anticonceptivos que coñecen, incrementouse moito a diversidade de métodos que coñecen trala realización do obradoiro; ademais diminuíu o número de persoas que contemplan a pílula do día despois como método anticonceptivo, o que é moi positivo. Ademais xa non incluíron a ligadura de trompas, a vasectomía e o aborto como métodos.

En relación ás ETS:

Tamén se incrementou a diversidade de ETS que coñecen, así como as respectivas consecuencias na saúde; aínda que neste caso as notas negativas son que ninguén nomeou o VPH e pola contra si que escribiron “algúns cancros” como ETS.

En relación aos efectos das drogas sobre a actividade sexual:

Incrementouse o número de alumnos/as que responden que non son positivos os efectos das drogas sobre a actividade sexual e diminuíu o número dos/as que responderon que si, aínda que xa no cuestionario inicial eran unha minoría. Ademais, aínda que moitas/os non explicaron as consecuencias, as/os que si o fixeron indicáronas de maneira correcta.

Con respecto ás dúbidas:

Ninguén indicou ningunha dúbida, excepto dúas persoas. Unha segue sen saber o que é a sexualidade e a outra non escribiu ningunha dúbida, queixándose de que coas charlas, as educadoras pasamos das dúbidas.

No tocante á satisfacción do alumnado coa realización do obradoiro:

Podemos dicir que se cubriron as súas expectativas pero para vindeiros obradoiros é importante ter en conta que as explicacións se lles fixeron un pouco pesadas e aburridas



polo que habería que darlle un carácter aínda máis dinámico e incluír algunha actividade con medios audiovisuais
Demandan que se repartan preservativos.

Valoración do alumnado: media 3,4 sobre 5

Valoración das/os demais profesionais implicados na actividade (centro escolar e colaboración centro de saúde):

Entre o 1 e o 5, sendo 1 nada satisfeita/o e 5 moi satisfeita/o, como valoras a coordinación e comunicación có Centro Escolar para o desenvolvemento do Obradoiro de Educación en Saúde e Hábitos de Vida Saudable?

As dúas valoracións que recibimos foron puntuadas con 5.

CONCLUSIÓNS:

En base ás valoracións descritas na páxina anterior, podemos concluír que o nivel de satisfacción das persoas profesionais implicadas na actividade foi elevada, tanto no tocante á organización, coordinación e comunicación, como tamén no relativo ao desenvolvemento en si da mesma.

As observacións que se realizan son: que é preciso darlle continuidade a esta actividade para o vindeiro curso posto que cobre as necesidades socioeducativas e de protección da saúde do alumnado. E que sería convinte poder comezar antes o desenvolvemento dos obradoiros e dispoñer de máis sesións para poder ampliar e profundizar nos contidos.

OBRADOIROS SOCIOEDUCATIVOS NAS AULAS A TRAVÉS DA NATUREZA:

Tanto en infantil (con Voces polo litoral de Teis) no Vicente Risco, que se fixeron dos obradoiros de presentación e potenciación da praias de Teis, como en 2º da ESO (IES GUÍA e IES TEIS) coa Comunde Montes de Teis, que presentou o seu traballo de recuperación no Monte da Madroa, quedou patente o potencial que ofrece o barrio para realizar un ocio saudable en contacto coa natureza alcanzando sen dúbida todos os obxectivos

.-Fomentar a participación dos destinatarios en actividades preventivas.

.-Potenciar factores de protección (Coidado do corpo e da saúde, Colaborar cos demais Participar en actividades sociais, coñecer mensaxes preventivas de drogas, Integración no barrio...)

.-Reducir factores de risco (Sensación de non poder superar as dificultades, Sentimento de perda de confianza en si mesmo, dependencia do grupo, facilidade de obter drogas, insatisfacción no ocio, percepción social negativa).

.-Fomentar valores de respecto e autocoidado

.-Motivar para o exercicio físico e o contacto coa natureza como alternativa de ocio saudable:

VALORACIÓN ALUMNADO:

INFANTIL: 5 sobre 5

2º ESO: 3,7 sobre 5 SAIDAS: 5 sobre 5

VALORACIÓN PROFESIONAIS: 5 sobre 5

2. NON PASA NADA. PASA ALGO?

No barrio de Teis, ámbito de actuación do Plan Comunitario de Teis, existen 4 Institutos, ademais de 3 centros escolares privados-concertados e 1 en cooperativa, de ESO e Bacharelato, polo que a intervención dentro das aulas convirteuse nun instrumento de indubidable valor preventivo por canto supón de poboación potencialmente beneficiaria en idades comprendidas entre os 15 e os 18 anos de idade. A información, entendemento e comprensión dos hábitos de vida saudable como medio de prevención global, estableceense como ferramenta preventiva de potenciais situacións de risco, cando (utilizando o modelo metodolóxico comunitario) inclúe o ámbito escolar partindo e asentándose na implicación de toda a comunidade educativa aberta aos recursos existentes no barrio.

A finalidade do programa é evitar o desenvolvemento e a consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados co consumo e/ou de abuso de drogas e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os adolescentes que permanecen vinculados ao sistema educativo

OBXECTIVOS

- ✓ Mellorar a información do alumnado sobre as sustancias, efectos e consecuencias (físicas, psíquicas e sociais)
- ✓ Incrementar a percepción de risco relacionado co uso de drogas entre o alumnado
- ✓ Promover o adestramento no establecemento de límites persoais e en relación co grupo.
- ✓ Mellorar as habilidades sociais do alumnado para relacionarse entre iguais.
- ✓ Fortalecer a integración do alumnado con condutas de risco no sistema educativo.

ACTIVIDADES E CONTIDOS:

Os contidos das actividades impártense en colaboración co departamento de orientación e o profesorado de cada centro ao que se acode.

Desenvólvense actividades de habilidades sociais e afrontamento, toma de decisións, autocontrol, interacción social e comunicación interpersonal, abórdaxe dos riscos do consumo, e condutas asociadas...

Nome Actividade: SESIÓNS FORMATIVAS

Traballouse en 3 grupos de 12, 9 e 11 mozs/os de idades comprendidas entre 15-18 anos: En todo seles realizáronse 4 sesións, en formato obradoiro participativo cos seguintes contidos:

As cualidades positivas das persoas (sesión I)
Os prexuízos (sesión I)
Emocións (sesión II)
Comunicación (sesión II)
Escoita activa (sesión II)
Empatía (sesión II)
Asertividade (sesión II)
Retroalimentación (sesión II)
O conflito (sesión III)
Resolución pacífica de conflitos (sesión III)
A toma de decisións (sesión IV)
O empoderamento das persoas como ferramenta de superación e prevención de consumos (sesión IV)
Límites ou potencialidades (sesión IV)

Autoestima e autonomía (sesión IV)

AVALIACIÓN

Cuantitativa

- Centros escolares implicados: 3
- Profesionais implicadas/os: 11
 - 3 equipo de prevención (1 traballadora social e 2 educadoras sociais)
 - 2 alumna en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
 - 1 matrona
 - 2 xefa de estudos
 - 3 orientadoras escolares
 - 2 titoras
- Alumnado implicado: 32 alumnas/os
- **Total poboación implicada e participante: 46**

Cualitativa:

En canto á consecución dos obxectivos, para acadalos precisaríase de actividades moito máis prolongadas no tempo (quizais conformar un grupo de intervención ao longo do curso) para acadalos na súa totalidade, xa que o obradoiro é algo moi puntual como para poder reconducir as condutas de consumo e posibilitar a súa integración no sistema educativo, así como tamén para promover a adopción de estilos de vida saudables; podendo establecer dinámicas de lecer alternativo por un lado e dinámicas de motivación e incremento da autoestima por outro.

Con respecto a satisfacción EDUCADORAS nun baremo do 1 ao 5, a media resultante é: 3'05.

ANÁLISE DE RESULTADOS

AVALIACIÓN INICIAL:

Para este obradoiro non fixemos cuestionarios de avaliación inicial, se non que a detección de necesidades realizada pola observación das titoras e da orientadora do Centro, foi o que nos serviu como punto de partida para a elaboración e realización do obradoiro.

Así, se nos indicou que son mozas/os na súa maioría iniciadas/os no consumo de cannabis e que as súas actividades de lecer se centraban nun caso en pechase nas súas habitacións có ordenador ou vídeoconsola, e no outro en estar todo o día na rúa.

AVALIACIÓN INTERMEDIA:

Efectivamente ao longo do desenvolvemento do obradoiro por comentarios e actitudes se comprobou a iniciación nos consumos de unha ou máis drogas, así como tamén unha desmotivación total a cerca do seu itinerario formativo; de feito eles/as mesmos/as empregaron a frase “se estamos en FP Básico é porque somos lentos/as”, cando realmente polas observacións realizadas no obradoiro as súas capacidades e potencialidades no caso do grupo de informática son elevadas e por elo entendemos a súa derivación a este ciclo, totalmente contraproducente para o seu desenvolvemento, motivación e autoestima. No caso do grupo de peiteado si que as capacidades eran máis reducidas pero tamén vemos que o ciclo non vai supoñer a superación das mesmas, senón que precisan de unha atención e intervención personalizada para lograr que reconduzan o seu camiño e se motiven coa súa formación.

En calquera dos grupos o que se precisa é tempo e ganas para adecuar a formación ás súas necesidades (na súa maioría son adolescentes en risco de exclusión) e que retomen o camiño da formación regrada (rematar a ESO e poder realizar algún ciclo do seu interese ou incluso nalgúns casos facer o bacharelato e posteriormente algún grao.

AVALIACIÓN FINAL:

En canto á consecución dos obxectivos, para acadalos precisaríase de actividades moito máis prolongadas no tempo (quizais conformar un grupo de intervención ao longo do curso) para acadalos na súa totalidade, xa que o obradoiro é algo moi puntual como para poder reconducir as condutas de consumo e posibilitar a súa integración no sistema educativo, así como tamén para promover a adopción de estilos de vida saudables; podendo establecer dinámicas de lecer alternativo por un lado e dinámicas de motivación e incremento da autoestima por outro.

Con respecto a satisfacción do alumnado coa realización do obradoiro, os resultados foron os seguintes:

- QUE MÁIS ME GUSTOU:
 - As curtametraxes
 - Os contidos
 - Foi divertido.
- QUE MENOS ME GUSTOU:
 - A pouca duración do obradoiro e/ou que as charlas non foran máis longas.
- SUXERENCIAS DE MELLORA:
 - coincidiron en máis horas de obradoiro.
 - Empregar máis vídeos; máis dinámicas e máis obradoiros similares; que vaíamos máis por alí.
- OUTRAS TEMÁTICAS QUE ME GUSTARÍA TRATAR NOUTROS OBRADOIROS:
 - sexo, drogas e personalidade.
 - Seguridade en internet.
 - Buylling.

VALORACIÓN DAS EDUCADORAS DO 1 AO 5, SENDO 1 NON ME GUSTOU NADA E 5 GUSTOUME MOITÍSIMO

A media resultante é: 3'05.

CONCLUSIÓNS:

En base ás valoracións descritas na páxina anterior, podemos concluír que o nivel de satisfacción das persoas profesionais implicadas na actividade foi elevado, tanto no tocante á organización, coordinación e comunicación como tamén no relativo ao desenvolvemento en si, da mesma..

As observacións que se realizan son: que é preciso darlle continuidade a esta actividade para o vindeiro curso posto que cobre as necesidades socioeducativas e preventivas cara ao alumnado. Sería moi importante, tal e como indicamos na avaliación intermedia, poder ampliar esta actividade ao longo do curso para poder facer unha intervención eficaz en base ás necesidades do alumnado.

3. MAIS QUE UN TEITO

Dadas as características sociodemográficas xerais, a concentración de centros escolares , e as crecentes dificultades das nais e pais en familias cambiantes faise obrigado formar e informar as nais e pais en temas relacionados coa educación dosseús fillos e fillas e coas propias dinámicas familiares. .

OBXECTIVOS:

- ✓ Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación dos pais, nais e/ou titores/as que reciben a intervención.



- ✓ Promover e reforzar os factores de protección familiar, ao tempo que se pretende reducir o impacto dos factores de risco relacionados con este ámbito.
- ✓ Mellorar a calidade da información sobre drogas de que dispoñen os pais e as nais.
- ✓ Mellorar a habilidade dos participantes para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar.
- ✓ Mellorar as actitudes educativas dos pais e das nais.
- ✓ Mellorar as actitudes preventivas dos pais e das nais

ACTIVIDADES E CONTIDOS:

ESCOLAS DE NAIS E PAIS

As escolas de nais e pais, desenvolveronse a traves de 7 obradoiros, diversificados polos diferentes centros educativos do barrio, cara a reflectir e valorizar a implicación tanto das diferentes anpas como dos centros educativos. Os obradoiros seguiron unha metodoloxía de participación activa onde se trataron os seguintes contidos:

- Avaliación inicial: posta en común para a detección de necesidades (sesión I)
- A contorna familiar como factor de protección (sesión I)
- A súa importanciarcia para o desenvolvemento persoal e social (sesión II)
- Normas e límites (sesión II e III)
- Pautas educativas para a asunción de normas e límites no fogar (sesión III)
- Estilos educativos (sesión IV e V)
- A comunicación positiva (sesión V e VI)
- Cuestións educativas na aprendizaxe: a importancia das emocións (sesión VII)

AVALIACIÓN:

Cuantitativa:

- Nais e pais implicadas/os: 47
- Centros escolares implicados: 7
- Profesionais IMPLICADAS/OS: 21
 - 3 equipo de prevención (1 traballadora social e 2 educadoras sociais)
 - 1 pedagogo
 - 3 alumnos/as en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
 - 8 directores/as
 - 6 orientadores/as escolares
- ANPAS implicadas: 6 (12 persoas)

Cualitativa:

- Grao global de satisfacción coa Escola indicado é: bastante satisfeitos/as (4,36 sobre 5).
- grao de satisfacción cós contidos desenvoltos na Escola é: bastante satisfeitos/as (4,4 sobre 5).
- Grao de satisfacción coas dinámicas empregadas na Escola é: algo satisfeitos/as (3,88 sobre 5).
- Grao de satisfacción coa potenciación da diversidade, heteroxeneidade e contraste de puntos de vista é: bastante satisfeitos/as (4,6 sobre 5).
- Grao de satisfacción coas persoas profesionais que levaron a cabo as sesións da Escola é: bastante satisfeitos/as (4,72 sobre 5).
- A valoración que lle deron a que cada sesión se realizara nos diferentes centros educativos do Barrio foi: bastante satisfeitos/as (4,63 sobre 5)

ANÁLISE DE RESULTADOS

AVALIACIÓN INICIAL

En lugar de empregar cuestionarios para realizar unha avaliación inicial, entendemos que sería máis positivo facela a través da formulación oral de diferentes cuestións relacionadas coas necesidades formativas das/os nais/pais, na primeira sesión da Escola.

Así, concluímos que os contidos máis axeitados segundo as persoas participantes na Escola e as súas necesidades, foron os que efectivamente desenvolvemos.

AVALIACIÓN INTERMEDIA

Ao longo de toda a Escola o interese e motivación das nais e pais foi moi elevado. Si ben é certo que a medida que foi avanzando o seu transcurso diminuíu o número de asistentes, sempre contamos con un grupo estable que permaneceu ata o remate da mesma. Este grupo era heteroxéneo tanto en canto a idades como a niveis socioeconómicos ou mesmo culturais, polo que grazas a súa constante participación, enriquecéronse notablemente, tanto a nivel formativo como persoal, as/os que asistiron. Tamén detectamos que serviu para establecer relacións persoais que probablemente supoñan un factor de protección a nivel familiar e comunitario.

A nota máis negativa foi a escasa participación dos pais na Escola, sendo a asistencia á mesma, maioritariamente feminina.

AVALIACIÓN FINAL:

Vendo a evolución tan positiva da Escola, entendemos que sería preciso darlle continuidade no vindeiro curso para poder abordar temas importantes, que por mor do tempo e das dinámicas establecidas nas propias sesións, non puidemos desenvolver. Se para o vindeiro curso se lle dera continuidade á Escola de Nais e Pais, todas/os (11) estarían interesadas/os en seguir participando nela.

Os contidos que indicaron que lles gustaría tratar son:

- o Autoestima
- o Redes sociais
- o Acoso escolar
- o Respecto
- o Obediencia
- o Análise e valoración nos medios de comunicación de masas
- o Adolescencia
- o Estilos educativos
- o O mesmo máis en profundidade
- o Bos hábitos nutricionais
- o Autocontrol
- o Como actuar ante as condutas das/os nenas/os

As dúbidas, suxerencias e/ou observacións que nos trasladaron son:

- o Que todas as sesións se realicen no mesmo sitio.
- o Darlle continuidade.
- o Máis supostos prácticos e posta en común.
- o Máis audiovisuais e recomendación de lecturas.

CONCLUSIÓN:

En base ás valoracións descritas anteriormente, podemos concluír que o nivel de satisfacción das persoas profesionais implicadas na actividade foi elevado, tanto no tocante á organización, coordinación e comunicación como tamén no relativo ao desenvolvemento en si, das diferentes sesións.

As observacións que se realizan son: que é preciso darlle continuidade a esta actividade para o vindeiro curso posto que

cobre as necesidades educativas tanto das familias como tamén axudan e facilitan a labor docente. Sería moi importante poder comezar esta actividade a có inicio do curso e poder desenvolvelo ao longo de todo o mesmo.

4. EN FAMILIA TOD@S CONTAN

Dadas as crecentes dificultades das nais e pais en familias cambiantes e desestructuradas, moitas veces a causa de problemas asociados ao consumo, faise obrigado formar, asesorar e orientar ás nais e pais en temas relacionados coa educación dos seus fillos e fillas e coas propias dinámicas familiares. A finalidade do programa é reducir os factores de risco e incrementar os factores de protección presentes en familias que se encontran en situación de vulnerabilidade con relación aos consumos.

OBXECTIVO XERAL

- ✓ Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación de pais ou titores de familias que se encontran en situación de vulnerabilidade fronte ás drogas.
- ✓ Incrementar os recursos familiares para minimizar as situacións problemáticas.
- ✓ Proporcionar aos pais ferramentas para identificar de forma precisa os factores de risco a que se encontra exposta a familia e intentar minimizalos mediante o desenvolvemento de habilidades que os capaciten para reconducir os problemas que teñen formulados.
- ✓ Mellorar as habilidades para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar. Mellorar as actitudes preventivas. Mellorar as condutas relacionadas coas drogas.

ACTIVIDADE:

ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN SOCIOEDUCTIVA Á FAMILIA

AVALIACIÓN:

Cuantitativa:

- Nº de sesións realizadas:3
- Nº intervencións individualizadas:60 (aprox)
- Nº nais/país/avós/avoas participantes: 30

Cualitativa:

- Grao de implicación dos pais e nais participantes: MEDIO.
- Grao de coñecementos e habilidades educativas adquiridas: MEDIO-ALTO.
- Ggra de satisfacción coa dinámica dos obradoiros : MOI BO
- Grao de satisfacción coas educadoras: MOI BO

ANÁLISE DE RESULTADOS

Das 26 familias que pasaron polo programa, son excepcións aquelas que non consumen ningún tipo de sustancias ou que teñen (ou tiveron) problemas relacionados cos consumos abusivos. É por eso que o programa cobra unha gran importancia a nivel preventivo nas deterioradas estruturas familiares que conforman e nas propias dinámicas comunicativas cos seus fillos e fillas. Durante este ano 2014-15 foron moitos os avances realizados, xa que algunhas das familias repiten as intervencións, dato que nos facilita o coñecemento e o achegamento a elas.

Algunhas das familias acudiron tamen as escolas de nais e pais, complementando a súa formación e adquirindo novas instrumentos e habilidades educativas. Neste sentido, é importante subliñar que o 90% das familias, melloraron o seu trato con fillos e fillas e o 95% comezaron un proceso de mellora.

As intervencións individuais, facilitaron poder supervisar e asesorar no cambio de estratexias educativas familiares (facendo especial incidencia no abandono da permisividade amosada ante os consumos) e facilitando cambios de conduta que permitan afrontamento positivo ante os conflitos. O 95% dos/as participantes valoran cun 10 sobre 10 o programa e o traballo e trato das educadoras. Ao 95% das familias participantes gustaríalle continuar no programa en anos sucesivos, xa que lles facilita afrontar a tarefa educativa con máis ferramentas.

5. ACTIVA

O crecente número de novas familias con fillos e fillas que necesitan dunha integración normalizada no barrio dentro dun marco comunitario, ademais dos resultados diagnósticos sobre a escaseza de espazos de ocio alternativo no barrio para este colectivo poboacional. Ademais é un feito -tal e como se mostrou no mapa relacional no referenciado diagnóstico- que a poboación xuvenil do barrio esta moi alonxada e con febles vínculos, dos espazos de participación e integración social, convertíndose esa lonxanía nun factor de risco fronte a posibles consumos e/ou condutas adictivas. A pesares dos avances alcanzados nos últimos anos na prevención do consumo, aínda segue sendo baixa a percepción de risco sobre o consumo de algunhas drogas (alcohol, cannabis, psicofármacos) polo que se fai imprescindible abordar as situacións problemáticas (derivadas ou non do consumo) e de risco na infancia e mocidade, de forma que se leve a cabo unha intervención preventiva en canto o posible agravamento das mesmas.

OBXECTIVOS:

- ✓ Reducir a intención de consumo de drogas no futuro. .-Incrementar a percepción do risco asociado ao consumo de drogas, en especial no caso do tabaco, o alcohol e o cannabis. .-Reducir a tolerancia/permisividade da xente nova respecto ao consumo de drogas no seu medio social próximo. .-Incrementar o rexeitamento dos novos fronte ao consumo de drogas.
- ✓ Diminuír a manifestación de conductas adictivas.
- ✓ Fomentar o sentido da corresponsabilidade no seu desenvolvemento persoal e relacional, promocionando a mediación en saúde.
- ✓ Mellorar a información sobre drogas entre a poboación xuvenil, favorecendo a toma de conciencia da problemática que xera o seu uso e/ou abuso.
- ✓ Incrementar a información sobre os riscos asociados ao uso de drogas.



- ✓ Incrementar as habilidades básicas para anticiparse aos problemas que poidan xurdir polo uso/abuso de drogas.
- ✓ Incrementar as habilidades de resistencia.
- ✓ Favorecer a implicación e participación da poboación xuvenil en actividades de ocio saudables.

ACTIVIDADES:

ACTÍVATE XOGANDO

AVALIACIÓN

cuantitativa:

- **Total poboación implicada e participante: 456**
- Centros escolares implicados: 6
- Profesionais implicadas/os: 21
 - 3 equipo de prevención (1 traballadora social e 2 educadoras sociais)
 - 1 pedagogo -3 alumnos/as en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
 - 6 directores/as -6 orientadores/as escolares
- ANPAS implicadas: 6 (18 persoas)
- Alumnado participante:
 - andaina: 87
 - maíos: 21
 - olimpíadas: 301 (287 nas olimpíadas e 301 no concurso de carteis)
- Actividades de ocio alternativo: 26
- **OBXECTIVOS CONSEGUIDOS:** Incrementar a información sobre os riscos asociados ao uso de drogas. Incrementar as habilidades básicas para anticiparse aos problemas que poidan xurdir polo uso/abuso de drogas. Incrementar as habilidades de resistencia. Favorecer a implicación e participación da poboación xuvenil en actividades de ocio saudables

Cualitativa:

- Grao cumprimento de obxectivos: MOI BO
- Grao de satisfacción (enquisa de satisfacción que se pasa as/os participantes e profesionais): MOI SATISFEITOS .
- Grao de implicación de servizos e profesionais participantes: ÓPTIMO

ANÁLISE DE RESULTADOS

Tanto na consecución de obxectivos como na implicación e participación de mozos/as e de axentes e colectivos sociais os resultados foron moi satisfactorios, superando as expectativas iniciais.

6. COORDINACIÓN, DIFUSIÓN, DE PROGRAMAS

Dada a diversidade de servizos e asociacións ou similares no barrio, o Plan Comunitario eríxese coma canal vertebrador das demandas e inquiredanzas, para a coordinación efectiva das diferentes iniciativas que atinxen á prevención e á poboación xeral, artellando recursos, sen duplicar os mesmos. Actuando así coma FACTOR DE PROTECCIÓN esencial ante posibles riscos e/ou problemáticas derivadas do consumo e/ou abuso de sustancias, xa que asenta as intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade organizandoos, coordinandoos, optimizandoos e mobilizandoos na búsqueda de estratexias innovadoras e imaxinativas que permitan alternativas viables de traballo. Neste senso, é importante subliñar que adquire un gran peso a coordinación a través do COMITÉ TÉCNICO, xa que refórzase cada vez máis e convírtese no eixe do que deriva a coordinación xeral e efectiva, sobor de todo cós servizos e recursos do Barrio, optimizando resultados e minimizando esforzos e recursos e actuando como mediador e coordinador da comunidade en todos aqueles programas, proxectos e actividades preventivas.

OBXECTIVOS:

- ✓ Implicar aos distintos sectores cidadáns nas actividades de carácter preventivo e reinsertivo que beneficien ao barrio.
- ✓ Desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura e benestar. Implicar os distintos sectores cidadans na realización de actividades preventivas de situacións problemáticas derivadas ou non do consumo.
- ✓ Fomentar o establecemento dunha rede estruturada de traballo que permita unha mellor resolución de situacións conflictivas derivadas do uso e abuso de sustancias. Identificar e valorar os obstáculos e as potencialidades comunitarias.
- ✓ Optimizar o coñecemento dos recursos presentes no barrio. Dinamizar o tecido asociativo e a participación social.

COMITÉ TÉCNICO:

- ✓ Consolidar un espazo permanente de encontro e diálogo entre os profesionais dos diferentes recursos que interveñen no territorio de Teis.
- ✓ Propoñer e asesorar, desde o punto de vista técnico, cando se necesario.
- ✓ Favorecer a colaboración/coparticipación dos diferentes recursos nun proxecto común. Elaborar programas comunitarios en todo o territorio de intervención. Promover a formación e o intercambio de experiencias entre os técnicos e os profesionais dos diferentes recursos do Barrio.

ACTIVIDADES

COORDINACIÓN XERAL, SEGUIMIENTO E DIFUSIÓN
COMITÉ TÉCNICO

AVALIACIÓN

Cuantitativa:

COORDINACIÓN XERAL, SEGUIMIENTO E DIFUSIÓN:

- Colectivos/servizos/recursos implicados: 26 (10 colectivos e asociacións, 6 anpas, 8 centros 8 recursos/servizos)
- Profesionais implicadas/os: 24
 - 3 equipo de prevención (1 traballadora social e 2 educadoras sociais)



- 1 pedagogo
- 3 alumnos/as en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
- 6 t.sociais
- 2 psicólogas
- 2 educadoras sociais
- 5 outros/as profesionais
- Persoal colaborador: 10
- **Total poboación implicada e participante: 10.050**

COMITÉ TÉCNICO:

- Servizos/recursos implicados: 16 (8 do comité e 8 c. educativos)
- Profesionais implicadas/os: 20
 - 1 equipo de prevención (1 traballadora social)
 - 1 pedagogo
 - 3 alumnos/as en prácticas (formación de mediadores/as sociais)
 - 6 t.sociais
 - 2 psicólogas
 - 2 educadoras sociais –
 - 5 outros/as profesionais

Cualitativa:

- Grao de implicación da poboación participante. ALTO.
- Grao de satisfacción cas propostas consensuadas ALTO.
- Grao de adecuación das propostas/actividades á realidade. ALTO.
- Grao de satisfacción coa metodoloxía utilizada MOI ALTO.
- Grao de adecuación esforzos/ resultados obtidos. MEDIO-

ANÁLISE DE RESULTADOS

Neste periodo 2014-2015 as tarefas de coordinación, sensibilización e difusión adquiriron crucial importancia, por canto cada unha das actividades desenvolvidas no proxecto de prevención, foron coñecidas e divulgadas por todos os recursos e colectivos sociais, deportivos, medioambientais e veciñais existentes no barrio. Isto puido ser así grazas a inxente tarefa de coordinación desenvolvida polo equipo de prevención que se xuntou cada vez que foi preciso para explicar e difundir o proxecto o que facilitou enormemente a consecución do obxectivo de Desenvolver proxectos e actividades de carácter preventivo, tendentes a potenciación da saúde integral.

Ademais esta maneira de traballar, seguindo a metodoloxía comunitaria, permitiu propiciar a organización da comunidade como factor de protección fronte ao uso e abuso de sustancias e e establecer unha rede estruturada de traballo que permita unha mellor resolución de situacións conflitivas derivadas do uso e abuso de sustancias, optimizar o coñecemento dos recursos presentes no barrio e dinamizar o tecido asociativo e a participación social. Sendo así que grazas a esta estruturación, conseguíronse espazos recreativo-deportivos de uso universal e conseguíuse que os clubs deportivos deran cabida nas súas actividades a nenos/as e adolescentes que participaban no noso proxecto preventivo sobre todo nos programas ACTIVA e Saúde na Escola

7. FORMACIÓN DE MEDIADORES E MEDIADORAS SOCIAIS

Dadas as características sociodemográficas xerais e a concentración de centros escolares xa descrito, as ANPAS constitúense nus dos colectivos máis presentes no barrio e máis importantes como mediadores naturais en prevención. Para poder dar cauce á súa participación efectiva, fai máis de 10 anos formouse, no seo da Unidade de Prevención do Plan Comunitario de Teis, un Comité interanpas que permitira a coordinación entre as diferentes anpas para intercambiar información e promover actuacións conxuntas con respecto á educación dos seus fillos e fillas. Con este programa dáselle continuidade ao traballo desenvolvido nestes anos. Ademáis, e coma centro colaborador de prácticas profesionais, desde o ano 2000, formamos aos alumnos/as de ocio e tempo libre (monitores/as e animadores/as) como mediadores sociais, tanto a nivel profesional como de mediación entre iguais.

OBXECTIVOS:

- ✓ Mellorar a base de coñecementos científicos da poboación destinataria (mediadores sociais) para a implementación de intervencións preventivas de calidade.
- ✓ Posibilitar a execución de programas de prevención de diferentes ámbitos (escolar, familiar, laboral, ocio etc.),
- ✓ Estimular a implicación activa dos mediadores sociais no desenvolvemento de programas preventivos.
- ✓ Mellorar as actitudes preventivas dos mediadores participantes.
- ✓ Incrementar os coñecementos sobre contidos preventivos que se van transmitir por parte da poboación mediadora destinataria.
- ✓ Incrementar as habilidades dos mediadores sociais para a planificación de programas preventivos baseados na evidencia.
- ✓ Aumentar o coñecemento sobre modelos teóricos eficaces para o desenvolvemento de programas preventivos.

ACTIVIDADES

“COMITÉ INTERANPAS” “ALUMNADO EN PRÁCTICAS”

AVALIACIÓN

Cuantitativa:

- **Nº total de participantes: 83**
 - Comité interanpas: anpas implicadas: 6 (80 persoas)
 - Alumnado en prácticas: 3 alumnos/as (todos os programas)
- Nº xuntanza, sesións ou foros: 12
- Nº de consensos: programas escolas de nais e pais e activa

Cualitativa:

- Grao de consecución de obxectivos: ALTO
- Grao de adecuación das propostas realizadas, as propostas consensuadas e as actividades realizadas. ALTO



- Grao de satisfacción cos contidos do programas (utilidade, aplicación á realidade, adecuación aos intereses dos participantes, adecuación ao seu nivel de experiencia etc.). ALTO
- Grao de satisfacción coa metodoloxía utilizada (adecuación contidos, participación, ritmo de traballo, proximidade á realidade, adecuación para traballar as habilidades dos participantes). MOI ALTO
- Grao de consecución de habilidades ou recursos desenvoltos para o traballo preventivo (empatía, escoita activa, improvisación, espontaneidade, creatividade, asertividade, resolver conflitos, reflexión, crítica, reforzo, animar, organizar, programar actividades). ALTO

ANÁLISE DE RESULTADOS

Neste ano 2014-15, o Comité interanpas cobrou un protagonismo significativo, xa que logo das 2 primeiras xuntanzas, a modo de sesións formativas, comprenderon a perfección o que significa a mediación social e volcáronse na participación, colaboración (Mais que un teito, Activa) e mesmo organización de eventos preventivos e de ocio saúdnable en familia: andainas, festas populares, olimpíadas... O nivel de satisfacción por parte do Comité interanpas e do PCT é, coincidentemente, óptimo xa que queda demostrado que as anpas (formadas por nais e pais comprometidos coa prevención) son perfectos mediadores/as naturais en saúde, prevención e ocio alternativo. Ademais de ser un recurso eficaz e eficiente na divulgación e intercambio de información.